

# Como Kieskompas – “Election Compass” (Compás Electoral) trata os seus datos persoais?

## A Nosa Declaración de Privacidade

- **Quen sodes?**

Kieskompas é unha empresa de investigación privada, fundada en 2006. O instituto de investigación é completamente independente, ten raíces científicas (está co-fundado pola Universidade VU de Ámsterdam) e opera a nivel internacional. O equipo de Kieskompas está formado por un grupo de científicos comprometidos e entusiastas.

- **Por que recolledes datos?**

Recollemos datos para a investigación científica no campo da ciencia política. Esta investigación non só é útil para realizar análise de datos informativos, senón que tamén permite aos organismos gobernamentais e a outras institucións relevantes aplicar políticas baseadas en datos. Nalgúns casos, tamén proporcionamos a outros académicos datos anonimizados para os seus proxectos de investigación. Compartimos as análises que realizamos cos medios de comunicación e outras organizacións, como axencias gobernamentais e organizacións non gobernamentais (ONG). Deste xeito, promovemos unha información de alta calidade sobre as opinións políticas e sociais. Estas análises nunca poden ser rastrexados ata persoas individuais. Sempre se trata de datos anónimos e agregados.

- **Como colleitades os datos?**

Recollemos datos mediante ferramentas en liña (AAEs) e a través de enquisas de panel específicas. A nosa ferramenta máis coñecida é unha Aplicación de Asesoramento Electoral (AAE) en liña chamada " Election Compass" (Compás Electoral). Máis de 60 millóns de persoas en máis de 40 países utilizaron unha AAE de Kieskompas. Estas ferramentas axudan aos votantes a tomar unha decisión de voto máis informada e baseada en probas.

- **Como utiliza Kieskompas as ‘cookies’?**

As cookies son pequenos arquivos de texto que se colocan no seu computador, móbil ou outro dispositivo cando visita case a totalidade dos sitios web. Colocamos unha cookie analítica para recoller as estatísticas dos visitantes. Durante a súa visita, utilizamos Google Analytics. Facémolo de acordo coas normas da Autoridade de Protección de Datos dos Países Baixos. Por tanto, asinamos un acordo de procesamento con Google e enmascaramos o último octeto do seu enderezo IP. Non compartimos datos con Google e non utilizamos outros servizos de Google en combinación coas cookies de Google Analytics.

Só colocamos cookies analíticas, e non cookies de seguimento ou funcionais. As cookies de seguimento ou funcionais utilízanse a miúdo para rastrexar e analizar o comportamento dos visitantes nun sitio web ou unha aplicación, ou para manter aberta unha sesión nun sitio web. Decidimos deliberadamente non utilizar este tipo de cookies.

- **Que tipo de datos recolledes coa AAE de Kieskompas?**

Nunha AAE de Kieskompas pedímoslle que, ademais de responder as afirmacións, encha unha serie de preguntas adicionais. Por exemplo, o seu sexo, ano de nacemento, nivel de estudos, parte do seu código postal e preferencias políticas (a continuación, atopará unha lista completa dos datos que recollemos). É bo saber que tamén pode optar por non contestar a ningunha destas preguntas e responder só as afirmacións. Aínda que

responder as preguntas adicionais non é obrigatorio, esperamos que o faga. Estes datos son, por suposto, moi relevantes para a investigación científica. Se decide non responder as preguntas adicionais, aínda poderá seguir accedendo ao resultado dunha AAE de Kieskompas. As respostas que proporciona ao encher unha das nosas ferramentas constitúen datos non persoais que se almacenan indefinidamente.

Nunha AAE de Kieskompas, tamén lle pediremos que deixe o seu enderezo de correo electrónico e que dea o seu consentimento para recibir invitacións para participar en enquisas adicionais de investigación científica en liña. Dado que estamos a tratar os seus datos persoais, aplícase o Regulamento Xeral de Protección de Datos 2016/679 (GDPR). Teña en conta que cubrir a ferramenta Kieskompas é sempre estritamente anónima: na ferramenta Kieskompas non relacionamos a súa dirección de correo electrónico coas cuestións e as respostas outorgadas. Proporcionamos máis información sobre os datos recolleitos na AAE de Kieskompas na seguinte táboa:

Tipo de datos colleitados na <u>AAE de Kieskompas</u>	Consentimento non requirido	Automático	Despois do consentimento
Resposta ás cuestións	✓		
Hora de finalización		✓	
Datos do navegador		✓	
Arquivos de rexistro sobre o tráfico no sitio web		✓	
Datos de localización agregados (como a cidade e a provincia na que utiliza Kieskompas)		✓	
Información sobre o seu dispositivo (tipo, navegador)		✓	
Datos de fondo (ano de nacemento, sexo, educación e unha parte do seu código postal o una unidade xeográfica maior)	✓		
Datos persoais especiais (preferencia de partido, opinións políticas e comportamento de voto)	✓		
Correo electrónico			✓

**IMPORTANTE: Teña en conta que os nosos datos AAE non conteñen direccións IP e que todos os datos (persoais) recollidos na ferramenta Kieskompas permanecen completamente anónimos (mesmo se deixa a súa dirección de correo electrónico). Se decide participar nunha enquisa, pedíremoslle o seu consentimento explícito antes de recoller os datos persoais.**

## • É seguro proporcionar o meu correo electrónico nunha AAE de Kieskompas?

Por suposto! Os únicos datos persoais que Kieskompas almacena sobre os usuarios, a saber, a dirección de correo electrónico, non poden conectarse de ningún xeito coas respostas que vostede proporciona. Os datos son procesados e almacenados polo noso provedor de servizos informáticos. Existe un acordo de procesamento de datos legalmente vinculante entre Kieskompas BV e o provedor de servizos informáticos. Os datos recolleitos constan sempre de tres arquivos: (1) un libro de códigos, (2) un conxunto de datos anónimos e (3) un arquivo seguro coas direccións de correo electrónico, que se mantén separado dos demais arquivos. Despois de cada proxecto, o arquivo que contén as direccións de correo electrónico retírase dos servidores e almacénase en discos duros externos, que non están conectados a Internet e están protexidos cun nome de usuario e un contrasinal únicos. Para máis información sobre o que ocorre coa súa dirección de correo electrónico, consulte máis abaixo.



## • Que tipo de datos colleitades nas enquisas de Kieskompas?

As direccións de correo electrónico só se utilizan para convidarlle a estudos científicos (lonxitudinais) adicionais. É posíbel que, nun período curto de tempo, reciba un convite para unha enquisa pero tamén podería ocorrer ao cabo duns anos. Por iso conservamos a súa dirección de correo electrónico durante un longo período pero como máximo 15 anos. Se se lle propón participar nunha enquisa en liña, pode, por suposto, negarse a participar e/ou darse de baixa. Antes de que os enquisados participen nas nosas enquisas, pídeselles que dean o seu consentimento explícito. Os enquisados poden retirar o seu consentimento en calquera momento sen sufrir ningún prexuízo por facelo.

Mantemos o seu enderezo de correo electrónico separada doutros datos. Por tanto, inmediatamente asignamos identificadores únicos ás direccións de correo electrónico dos enquisados. Isto permite a pseudoanonimización dos datos da enquisa. A pseudoanonimización permite levar a cabo unha investigación lonxitudinal e conectar os datos de varias enquisas realizadas polos mesmos enquisados sen utilizar ningún dato persoal.

Kieskompas desenvolve a investigación de paneis científicos utilizando os servizos de Qualtrics, unha solución de software situada na nube para enquisas en liña que cumpre co GDPR. Os datos recolleitos na enquisa en liña sempre son pseudoanonimizados no momento da súa recepción, o que significa que todos os datos persoais recolleitos (automaticamente\*) elimínanse (para máis información, véxase a táboa seguinte). Cando terceiras partes realizan investigacións con datos, só traballan con datos completamente anónimos que non poden ser rastrexados ata persoas físicas de ningún xeito. No seguinte cadro ofrecemos máis información sobre os datos recolleitos nas enquisas de Kieskompas:

Tipo de datos recollidos nas <u>investigacións por enquisas online</u>	Despois do consentimento	Despois do consentimento explícito
Enderezo de IP*	✓	
Datos de localización aproximada (lonxitude e latitude) *	✓	
Hora de inicio e finalización da enquisa	✓	
Duración da enquisa (en segundos)	✓	
Datos de fondo (ano de nacemento, xénero, educación e unha parte do seu código postal o unha unidade xeográfica maior)		✓
Datos persoais especiais (por exemplo, preferencia de partido, opinións políticas e comportamento electoral)		✓
Respostas a calquera pregunta adicional da enquisa		✓

## • Contacte con Kieskompas

Pode poñerse en contacto con Kieskompas BV sobre cuestións relacionadas cos datos ou a privacidade por correo electrónico ([info@kieskompas.nl](mailto:info@kieskompas.nl)), ou por teléfono (+31 (0)20 -737 3008). Tamén pode poñerse en contacto con Yordan Kutiyski, o responsable da protección de datos ( RPD) de Kieskompas, a través do correo electrónico ([yordan@kieskompas.nl](mailto:yordan@kieskompas.nl)) ou do número de teléfono mencionado anteriormente. Os usuarios poden atopar a

información de contacto de Kieskompas de varios xeitos. Isto facilita que os usuarios se informen ou exerzan os seus dereitos sobre os datos. A continuación, atopará información de contacto adicional de Kieskompas:

- Kieskompas BV  
Rombout Hogerbeetsstraat 78  
1052 XH Amsterdam  
Países Baixos

Calquera contacto de Kieskompas cun usuario conterà este documento, incluíndo os datos de contacto, xa sexa a través dunha ligazón directa ou a través dunha ligazón ao sitio web. Ao principio de cada AAE de Kieskompas aparece un aviso de cookies, e se se solicitan datos persoais (sensibles), aparecerá unha páxina na que se lle pedirá o consentimento (explícito).

## • Dereitos sobre os seus datos

Kieskompas quere asegurarse de que vostede é plenamente consciente de todos os seus dereitos en materia de protección de datos. Todo usuario de Kieskompas ten os seguintes dereitos:

**Dereito de Acceso:** Ten dereito a solicitar a Kieskompas copias dos seus datos persoais.

**Dereito ao esquecemento:** Ten dereito a solicitar que se borren os seus datos persoais. Para garantir a seguridade do "dereito ao esquecemento", pedimos aos usuarios que queiran borrar os seus datos que nos acheguen un correo electrónico desde a mesma dirección de correo electrónico que coñecemos. Sen unha dirección de correo electrónico coñecida por nós, non podemos vincular ou compartir os seus datos con vostede. Cando se presente unha solicitude completa, o responsable da protección de datos de Kieskompas ( DPO), buscará e vinculará os datos do usuario para borrarlos

**Dereito de corrección de datos:** Ten dereito a solicitar que Kieskompas corrixa calquera información que considere inexacta. Tamén ten dereito a solicitar que Kieskompas complete a información que considere incompleta.

**Dereito á portabilidade dos datos:** Ten dereito a que os datos persoais facilitados a Kieskompas sexan transmitidos directamente a outro responsable do tratamento, sempre que sexa tecnicamente posible

**Dereito a restrinxir o tratamento:** Como alternativa ao "dereito ao esquecemento", vostede ten dereito a solicitar que Kieskompas restrinxa o tratamento dos seus datos persoais en determinadas circunstancias. Isto pode deberse a que vostede ten problemas co contido da información que Kieskompas posúe e á forma en que Kieskompas procesou os seus datos

**Dereito a opoñerse ao tratamento:** Posúe dereito a opoñerche ao tratamento dos seus datos persoais por parte de Kieskompas, en determinadas circunstancias.

**Dereito a presentar una reclamación:** Os usuarios de Kieskompas teñen dereito a presentar unha reclamación ante unha autoridade de control, en relación cos medios polos que Kieskompas procesa os seus datos. A autoridade supervisora de datos holandesa é a Autoriteit Persoonsgegevens (Autoridade de Protección de Datos Neerlandesa).

Para garantir a aplicación segura dos seus dereitos, pedimos aos usuarios que nos acheguen un correo electrónico desde a dirección de correo electrónico que coñecemos. Sen unha dirección de correo electrónico que coñecemos, non poderemos identificar os seus datos. Cando se presente unha solicitude completa, o responsable da protección de datos de Kieskompas ( DPO), encargarse de que se respecten os seus dereitos.